



AS EXPEDICIÓNNS DA "COMPAÑÍA PATRIÓTICO MERCANTIL" de URBANO FEIJÓO SOTOMAYOR (1854)

Mª. Teresa García Domínguez
Arquivo da Emigración Galega

Durante o século XIX Cuba converteuse nun dos principais países produtores de azucre e café. O traballo nas facendas estaba baseado na man de obra escrava, cada vez más numerosa. O comercio escravista aumentou considerablemente, amparándose nunhas leis e nunha ideoloxía que defendía que os negros escravos vivían en mellores condicións na illa que na súa propia terra e, ademais, eran adoutrinados na fe católica. Paralelamente estaba a producirse en Europa un movemento a prol da abolición da escravitude, aprobada no Congreso de Viena en 1815, e que dous anos máis tarde subscribiu España. Non obstante, o comercio de escravos na illa continuou de maneira clandestina, controlado por comerciantes españois, o que encarecía a súa subministración. A cada vez maior dimensión numérica de escravos leva a un *ennegrecemento* da poboación que preocupaba tanto en Cuba como aos gobernantes da metrópole: as péssimas condicións de vida dos escravos provocaron rebelións puntuais durante toda a década de 1840 e foi crecendo o temor de que este continxente fose usado polos crioulos independentistas cubanos na súa loita contra a metrópole, ademais do receo pola dependencia exclusiva nesta man de obra para a producción azucreira. Todo este clima de inestabilidade levou a que varios intelectuais crioulos e españois, como Ramón de la Sagra, Vicente Vázquez de Queipo ou Cristóbal Madán, apoiasen nos seus escritos o fomento da emigración branca. A Coroa española ditou varias ordes autorizando a "emigración de españoles y extranjeros católicos", aos que se lles ofrecían terras e outros privilexios para que se establecesen en calidade de colonos, pero con escaso éxito. A mediados do século XIX Galicia estaba a vivir unha profunda crise de subsistencia motivada por diversas catástrofes naturais que aumentaron as condicións de miseria, fame e necesidade que padecía a súa poboación. E neste contexto xorde a figura de Urbano Feijóo Sotomayor, comerciante negreiro de orixe galega e facendado na illa de Cuba. Como membro da Junta

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela

—
+34 981 957 202
consellodacultura.gal



de Población Blanca, elaborou, co apoio do capitán xeral da illa, Valentín Cañedo, unha Memoria que contiña o proxecto de trasladar galegos a Cuba con dous obxectivos declarados: “socorrer a los desgraciados gallegos” e “contribuir a la agricultura y al aumento de la población blanca de la isla”. Fundamentando a súa actuación no seu amor a ambos os dous países, ofrécelles aos emigrantes galegos un contrato por cinco anos para traballar na illa, con boas condicións laborais e de vida, facéndose cargo dos gastos de aclimatación e asegurando o seu retorno ao fogar ao cabo dese tempo. Presenta a empresa como un proxecto filantrópico e chega a publicar un folleto co título de *Isla de Cuba: Inmigración de trabajadores españoles*. A cambio el recibiría unha subvención do Goberno da illa para sufragar os gastos das viaxes, ademais de varias concesións na construcción do ferrocarril cubano.

En 1853 fúndase a Compañía Patriótica Mercantil, encargada de contratar e xestionar a chegada dos galegos á illa. E en marzo de 1854 arriban á Habana os primeiros 314 traballadores galegos na fragata "Villa de Neda". En seis meses realizáronse oito expedicións dende Galicia a Cuba, o que supuxo a chegada dun total de 1744 emigrantes galegos. Pero a realidade foi moi diferente: os contratos asinados por estes traballadores eran totalmente lesivos para os seus intereses, chegaban a comprometerse a non dispoñer durante a súa estancia de documentación e incluso aceptaban a posibilidade de recibir castigos corporais ou que os seus soldos fosen moi inferiores aos de calquera traballador da illa, incluídos os escravos libres. Segundo desembarcaban eran instalados nuns barracóns, durante o período de aclimatación, que podía durar tres meses: lugares inmundos, sen ningunha condición de habitabilidade ou hixiene e con apenas comida para alimentarse. Malvivían nestes lugares ata que Urbano Feijóo conseguía colocalos en facendas azucreiras ou nas obras públicas da illa, nas condicións económicas más vantaxosas para el, praticamente vendéndoos ao mellor licitador. Os pobres desgraciados que conseguían fuxir desta situación eran apresados polas autoridades, moitos (máis de 500) morreron polas terribles condicións de traballo, con xornadas de máis de 15 horas e incluso encadeados, pola mala alimentación, polas enfermidades endémicas

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela

—
+34 981 957 202
consellodacultura.gal



ou polos maltratos físicos que recibían. A tal punto chegou a situación que Ramón Fernández Armada, xefe da empresa na Habana, declarou: "Los gallegos han sido arrancados de sus hogares engañados con promesas y han venido a encontrar a Cuba, la vergüenza, el engaño, la ignominia y la muerte".

Pronto creceu o escándalo na illa ante esta situación e Feijóo optou por cobrar as subvencións concedidas e marchar da illa, para finalmente instalarse en Madrid no seu posto de deputado nas Cortes por Ourense. Tamén en Galicia comezou a coñecerse o drama destes emigrantes, pois algunas familias recibiron cartas en que se relataba o inferno que estaban a vivir. A denuncia dos xornais foi calando na opinión pública.

Pero nun primeiro momento o Goberno da metrópole optou por non intervir, aducindo que era un tema da colonia. Coa apertura das novas Cortes, en 1855, un grupo de deputados, comandado por Ramón de la Sagra, presentou unha moción reclamando a liberación urgente destes traballadores e a concesión de indemnizacións, solicitadas tamén por un avogado contratado polas familias. Creouse unha comisión parlamentaria para informar do asunto. Finalmente, tras varios meses, nas conclusións recoñécense as inhumanas condicións laborais e de vida que estaban a soportar estes traballadores, "tratados peor que los esclavos, vendidos como ellos al que quiera comprar su trabajo". Conseguiron quedar libres do compromiso contractual coa Compañía pero pouco máis, nin recibiron axudas para retornar nin compensacións polo maltrato recibido. A empresa foi disolta e, para maior escarnio, Urbano Feijóo Sotomayor saíu libre de cargos; de feito acabou sendo reelexido deputado dúas veces máis, en 1872 por Verín e en 1881 como representante de Matanzas (Cuba).

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela

—
+34 981 957 202
consellodacultura.gal